CA6.4 - Relacionouse o uso destes equipamentos coas contingencias identificadas.

CA6.6 - Descríbense os protocolos para seguir en relación á seguridade dos establecementos de aloxamento turístico.

Os criterios de avaliación mediranse a través de probas teóricas de coñecementos e probas prácticas de destrezas/habilidades específicas do módulo

1.

Realízanse probas escritas sobre os contidos, relacionadas co temario proporcionado previamente ao alumnado: preguntas tipo test que podan incluír preguntas con resposta única, resposta múltiple, de verdadeiro ou falso, de enlazar, de completar, de deseñar, e preguntas curtas ou de desenvolvemento, sempre indicándoseles previamente a data e os criterios a avaliar

A cualificación parcial deste apartado resultará da realización da media ponderada entre as probas realizadas en cada trimestre.

O desenvolvemento de ditas probas tera un peso de : 70%

2.

Tarefas tipo:

\* Traballos individuais e/ou en grupo así como presentacións orais cando corresponda.

\* Simulacións tipo role playing.

\* Gravacións de voz e de vídeo (simulacións de reservas, check in, atención ao cliente)

\* Deseño e/ou manexo de materiais específicos, novas tecnoloxías, materiais de apoio e documentación específica.

\* Manexo do software específico para Recepción.

\* Aplicación das habilidades comunicativas e/ou destrezas narrativas, descritivas e de capacidade de síntese.

\* Capacidade de crítica, creatividade, boa presentación e organización na exposición.

\* Realización, redacción e presentación de documentos específicos (carta, email).

Estas tarefas terán un peso de: 30 %

Para determinar a NOTA de cada AVALIACIÓN PARCIAL (1ª en decembro e 2ª en marzo) farase a suma das notas ponderadas para cada instrumento de avaliación

Esta AVALIACIÓN no centro educativo, en relación a este módulo, SUPORÁ un 80% da CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO, que se aplicará na avaliación final.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN do período de FORMACIÓN na EMPRESA

Ao longo de todo o período de prácticas levarase a cabo un proceso de AVALIACIÓN CONTINUA E INTEGRAL do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe e consecución das competencias correspondentes ao módulo, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo as pautas establecidas pola empresa en cada establecemento de aloxamento, e os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

A avaliación terá unha cualificación de 0 a 10 e se realizará a través de:

- INFORMES INDIVIDUALIZADOS que a empresa debe remitir ao final do período de formación ao titor/a do centro educativo
- INFORMES DE SEGUIMIENTO, elaborados polo/a titor/a e dirixidos á empresa e o alumnado, que deben remitir mensualmente á titora do centro educativo (serán preferiblemente online)

Esta AVALIACIÓN da empresa, que non é vinculante (recae no profesorado do ciclo a decisión final sobre a cualificación deste período de formación na empresa, ao respecto do seu módulo), en relación a este módulo, SUPORÁ un 20% da CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO.

No caso de alumnado que por faltas de asistencia reiteradas non poda ser avaliado de xeito continuo, plantexarase unha PE que inclúa todos os CA mínimos exixibles e que puntuará sobre o 100% da nota

No caso de alumnado con todas as avaliacións parciais superadas, a 3ª e final deben ser coincidentes seguindo o artigo 34 da Orde do 12 de xullo de 2011.

No caso do alumnado que teña non superada algunha das avaliacións parciais, a puntuación máxima que poderá asignarse na 3ª avaliación parcial será de 4 puntos. Programarase actividades de recuperación ao remate do proceso de formación na empresa.

A NOTA FINAL do MÓDULO (avaliación final) será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas nas avaliacións 1ª e 2ª, aplicando a ponderación asignada á avaliación polo Centro Educativo (80%) e sumando a avaliación ponderada que corresponda á formación no Centro de Traballo (20%).

É REQUISITO IMPRESCINDIBLE ter APROBADAS todas as AVALIACIÓNS PARCIAIS (tanto asociadas á formación no centro educativo como de formación na empresa) para considerar o módulo aprobado.

Segundo o artigo 14 da Orde do 14 de xuño de 2018, para poder continuar no proxecto de formación profesional dual o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. Non obstante, poderase continuar sen cumprir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional. Así mesmo, o alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos: i) Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa. ii) Durante o período de formación na empresa: Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas. Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento. Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto 2/2015, do 23 de outubro. Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade colaboradora correspondente

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non consiga superar a 1ª e/ou 2ª avaliación parcial do módulo, salvo circunstancias recollidas nos Convenios que rexen para este curso, poderán acceder igualmente á formación na empresa no período estipulado.

Nestes casos, realizarase un INFORME INDIVIDUALIZADO segundo os modelos establecidos polo sistema de calidade dos CIPP.

Na formación DUAL, DURANTE o período ordinario de FORMACIÓN no CENTRO EDUCATIVO e na EMPRESA, así como AO REMATE de ámbalas dúas formacións, poderanse programar probas, actividades e/ou traballos escritos ou orais dirixidos, que permitan ao alumnado ADQUIRIR aquelas CAPACIDADES NON ACADADAS e SUPERAR DE XEITO POSITIVO (nota mínima de 5 puntos) os CA establecidos como MÍNIMOS exixibles para este módulo. Estas actividades de recuperación servirán para avaliar a aprendizaxe tanto de conceptos, habilidades, como de procesos e procedementos. Realizáranse de xeito personalizado segundo as necesidades do alumnado.

Poderán ser:

- cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver ou cuestións curtas, exercicios prácticos no programa de xestión hoteleira, ou ben traballos

ou proxectos a presentar de xeito oral ou escrito.

- traballos e exercicios prácticos propostos

Aplicaranse os mesmos IA e criterios de cualificación detallados no punto 5 da programación, segundo as necesidades de recuperación de cada alumnado e a natureza dos CA non superados. As actividades valoraránse de 0 a 10 puntos, sendo 5 puntos a puntuación mínima para o aprobado. A nota obtida en cada unha das actividades será a utilizada para o cálculo das medias ponderadas das avaliacións parciais.

Previo a avaliación final o alumno que non teña superados todos os CA terá probas no mes de setembro. Será na SESIÓN DE AVALIACIÓN FINAL cando a cualificación definitiva do módulo farase efectiva. De ter superado este módulo, xunto cos outros do ciclo, poderá acceder ao 2º curso. No caso do alumnado que NON SUPERE O MÓDULO, sendo esta unha formación rexida por un Convenio que establece un período de inicio e fin de validez, quedará fora do programa de DUAL, non podendo acceder ao 2º curso nin volver a matricularse nesta modalidade de formación.

Asemade, indicar que existen causas de exclusión do proxecto DUAL como son faltas de asistencia e puntualidade reiteradas, actitude incorrecta e irrespectuosa...). que poden dar lugar a EXCLUSIÓN do alumno do programa dual como se indica no parágrafo anterior

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Cando se perde o dereito a ser avaliado continuamente (Orde do 30 de xullo de 2007, DOG do 09 de agosto de 2007), o alumno/a ten dereito a un proceso de avaliación extraordinario ao rematar o módulo, sempre antes da avaliación final do mes de xuño ou da previa a FCT .

A tal efecto terá que realizar na data publicada con anterioridade suficiente unha proba que versará sobre todos os CA avaliados no tempo que houbo actividade lectiva no centro educativo

Non procede definir a proba para o alumnado de dual xa que non se contempla a posibilidade da perda do dereito :ORDE do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades. e RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo se recollerán as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial, así como valorarase o resultado das actividades realizadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente, farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Ó final de curso pasarase unha enquisa ao alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia áo currículo do módulo, clima de clase, etc. Así mesmo, poderán facer suxestións e á vista das súas respostas reflexionarase sobre o xeito de dar clase, aspectos a conservar e aspectos a mellorar no futuro.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As materias de turismo requiren un trato grupal co alumnado, corrixindo erros no momento no que se produzan e tratando de obter resultados segundo as posibilidades do alumnado. Deste xeito, unha adaptación curricular exhaustiva e apartada totalmente dos contidos é difícil que se produza, e menos neste nivel de Ciclos Formativos de Grao Superior.

Intentarase a integración do alumnado e non a súa discriminación. Un alumno-a con necesidades é un reto e toda a clase debe contribuir á súa promoción e aprendizaxe.

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de Xullo de 2011, no seu artigo 28: " Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

Para este módulo , realizarase nos primeiros 15 días unha proba de avaliación inicial ( sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno/a non acade globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos, en cumprimento da normativa vixente neste eido ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (EDUCONVIVES)

.Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corrixir os erros que se detecten.Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita. Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as medidas que consideren nese departamento que se deban adoitar.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Ademais os contidos desenvolvidos en cada unidade, hai outros contidos que se tratarán ao longo de todo o curso, e como tales non se poden adscribir a unha soa unidade ou bloque didáctico.

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta a súa globalidade; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados.

Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta materia destácanse:

Educación para a saúde: Apreciar a importancia de traballar, en calquera ámbito e sobre todo no sector turístico, de maneira ordenada, pulcra e precisa.

Educación do consumidor: Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens personais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.

Valorar os produtos de consumo con obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

Educación ambiental. Descubrir, apreciar e valorar a importancia da natureza e do medio, e colaborar na súa conservación mediante accións de reciclaxe e de consumo racional, e na elaboración de deseños e proxectos.

O uso de enerxías renovables, o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínscamente pero tamén en forma de actividades específicas.

Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades.

Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens personais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.

Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros-as, independentemente do seu sexo e da súa aparencia, colaborar con tódalas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que a produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

Manifestar actitudes propias sobre o sector turístico, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instalacións dos aloxamentos turísticos.

Apreciar a linguaxe da actividade turística como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas.

Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez mais neste novo escenario da globalización.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

E tamén outras dentro ou fora do centro e/ou como resultado da colaboración do CIFP con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico ou non.

-Visita ás feiras turísticas da zona e as súas xornadas técnicas/conferencias (Termatalia, Ferpalia, Expogalaecia, Turisport, etc)

-Visita a coñecer a oferta hoteleira das diferentes vilas galegas.

-Visita aos recursos turísticos (Conserxería) máis salientables galegos (ruta polo Salnés, Pontevedra, ou outras rutas turísticas..), así como ás instalacións dos seus aloxamentos turísticos.

-Visita a establecementos de aloxamento para coñecer a súa organización e funcionamento xeral, e máis polo miúdo do departamento de Recepción.

-Visita a unha feira turística internacional.

-Visita guiada ao casco antigo de Betanzos, Ferrol, Pontedeume ou outros recursos importantes da zona.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Difusión

Esta programación dasea coñecer ó alumnado nos primeiros días de clase, e estará a súa disposición en canto sexa supervisada

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0177	Recursos humanos no aloxamento	2023/2024	3	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	XOSE ANTÓN PERNAS SOTO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo MP0177 "Recursos Humanos no Aloxamento" ven regulado polo Decreto 55/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos. Esta programación pertence ao réxime de ensinanza DUAL.

O obxectivo principal deste módulo é proporcionar aqueles coñecementos relativos á xestión dos recursos humanos dos establecementos de aloxamento turístico. Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de xestión do persoal dependente, basicamente desde a perspectiva da xefatura de equipo ou de departamento.

A función de xestión de persoal abrangue aspectos como:

- Planificación de cadros e previsión de persoal.
- Definición de funcións.
- Asignación de tarefas e rangos.
- Planificación de quendas, horarios, días libres e vacacións.
- Acollemento do persoal de nova incorporación e a súa integración na organización empresarial.
- Políticas de liderado e motivación.
- Comunicación entre a persoa directiva e os membros do equipo.

O CIFP Fraga do Eume forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia. Ten implantado un Sistema de Xestión de Calidade. Está situado no Concello de Pontedeume, municipio costeiro situado nas Rías Altas, entre as cidades da Coruña e Ferrol. Conta cun patrimonio histórico cultural de gran interese, destacando o seu casco histórico medieval ou o Torreón dos Andrade entre outros. Recibe multitude de visitantes cada ano, tanto nacionais como extranxeiros.

Os servizos de aloxamento conforman unha importante fonte de ingresos para a municipio, podendo atopar representación tanto hoteleira coma extrahoteleira, tradicional e novas fórmulas de aloxamento.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	27	31
2	A PLANIFICACIÓN DO PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	Concepto de planificación, as súas fases e elementos que influirán no cálculo do número necesario de persoas que necesitarán as empresas	15	17
3	RECLUTAMENTO E SELECCIÓN DE PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	Conceptos de reclutamiento e selección, fases e técnicas a utilizar	18	21
4	INTEGRACIÓN DO PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	Concepto de manual de acollida e métodos de formación máis utilizados nas empresas do sector, concepto de desenvolvemento de carreira profesional e avaliación do desempeño	12	14
5	DIRECCIÓN E XESTIÓN DOS EQUIPOS HUMANOS	Figura directiva, técnicas de dirección e resolución de conflitos	15	17

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	27

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica os recursos humanos, para o que analiza e aplica os sistemas de organización do persoal dependente.	NO
RA2 - Colabora na proposta de selección de persoal da área e caracteriza os perfís profesionais.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
CA1.5 Deseñáronse os criterios de asignación de rangos para o persoal dependente.
CA1.6 Definíronse as quendas necesarias para o correcto funcionamento do establecemento.
CA1.7 Estableceuse o cuadrante de horarios do persoal dependente.
CA1.8 Planificouse o calendario de vacacións segundo os obxectivos, os criterios empresariais e as demandas do persoal.
CA1.9 Operouse con programas informáticos de xestión de persoal.
CA2.1 Identifícanse as etapas da planificación e previsión das necesidades de persoal.
CA2.2 Analizáronse os principais métodos para a definición de postos de traballo correspondentes a persoal con semicualificación e con cualificación.
CA2.9 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
CA2.10 Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco do departamento ou da área.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
0Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.  Planificación de calendarios de vacacións.  Aplicacións informáticas para a xestión do persoal.  Motivación. Deseño de políticas de incentivo á produción.  Planificación de cadros de persoal nas empresas de aloxamento turístico.  Deseño de procesos de previsión de persoal.  Uso eficiente das ferramentas de planificación e previsión de cadros de persoal.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A PLANIFICACIÓN DO PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica os recursos humanos, para o que analiza e aplica os sistemas de organización do persoal dependente.	SI
RA2 - Colabora na proposta de selección de persoal da área e caracteriza os perfís profesionais.	NO
RA4 - Dirixe o persoal dependente, para o que recoñece e aplica técnicas de dirección de persoal.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as novas tendencias empresariais das empresas de aloxamento cos diferentes equipos humanos.
CA1.2 Caracterizáronse as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.
CA1.3 Establecéronse os sistemas de asignación de funcións e tarefas entre o persoal dependente.
CA1.4 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
CA1.5 Deseñáronse os criterios de asignación de rangos para o persoal dependente.
CA1.6 Definíronse as quedas necesarias para o correcto funcionamento do establecemento.
CA1.7 Estableceuse o cuadrante de horarios do persoal dependente.
CA1.8 Planificouse o calendario de vacacións segundo os obxectivos, os criterios empresariais e as demandas do persoal.
CA1.9 Operouse con programas informáticos de xestión de persoal.
CA1.10 Considerouse e valorouse a normativa laboral.
CA2.1 Identificáronse as etapas da planificación e previsión das necesidades de persoal.
CA4.1 Recoñeceuse o papel dos recursos humanos como factor clave para o éxito da empresa.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Identificación das técnicas de dirección.
Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.
Planificación de calendarios de vacacións.
Aplicacións informáticas para a xestión do persoal.
Normativa laboral.

**Contidos**

Ferramentas de xestión de persoal.

Técnicas de comunicación.

Funcións máis representativas por departamentos.

Asignación de tarefas e plans de traballo

Valoración das opinións dos membros do equipo de traballo.

Fomento da participación na achega de ideas, opinións e suxestións do persoal dependente.

Métodos de medición de tempos de traballo.

Planificación de cadros de persoal nas empresas de aloxamento turístico.

Deseño de procesos de previsión de persoal.

Definición e obxectivos da organización dos recursos humanos.

Funcións máis representativas por departamentos.

Definición e asignación entre o persoal dependente.

Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.

Planificación de calendarios de vacacións.

Xestión de persoal: definición e funcións.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	RECLUTAMENTO E SELECCIÓN DE PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	18

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Colabora na proposta de selección de persoal da área e caracteriza os perfís profesionais.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.2 Analizáronse os principais métodos para a definición de postos de traballo correspondentes a persoal con semicualificación e con cualificación.
CA2.3 Identificouse o proceso de selección de persoal e as súas fases.
CA2.4 Preparouse un plan secuenciado de selección de persoal.
CA2.5 Recoñecéronse as técnicas de selección de persoal.
CA2.6 Analizáronse os principais métodos para a selección de persoal con semicualificación e con cualificación.
CA2.7 Valorouse o custo do proceso de selección.
CA2.8 Definíronse os límites de responsabilidade, as funcións e as tarefas de cada posto de traballo.
CA2.9 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
CA2.10 Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco do departamento ou da área.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Funcións máis representativas por departamentos.
Asignación de tarefas e plans de traballo
Planificación de cadros de persoal nas empresas de aloxamento turístico.
Establecemento de áreas de responsabilidade, funcións e tarefas do persoal dependente.
Valoración e respecto polas opinións de responsables departamentais.
Principios deontolóxicos no marco de cada departamento ou área do establecemento.
Deseño de procesos de previsión de persoal.
Uso eficiente das ferramentas de planificación e previsión de cadros de persoal.
Métodos de definición de postos de traballo nas empresas de aloxamento turístico.
Deseño e redeseño de postos de traballo.
Técnicas para a elaboración e análise dos postos de traballo: observación, entrevista, etc.

**Contidos**

Fontes internas e externas de selección de persoal.

Técnicas de selección: test, entrevista, técnicas de simulación, etc.

Selección de persoal.

Funcións máis representativas por departamentos.

Definición e asignación entre o persoal dependente.

Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.

Planificación de calendarios de vacacións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	INTEGRACIÓN DO PERSOAL NAS EMPRESAS TURÍSTICAS	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Integra o persoal dependente na estrutura organizativa do establecemento turístico, para o que recoñece e aplica as ferramentas de xestión de persoal.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Xustificouse a finalidade da función de integración como complementaria da función de organización.
CA3.2 Recoñecéronse os conceptos incluídos nas ferramentas de xestión do persoal.
CA3.3 Elaboráronse manuais de acollemento do persoal de nova incorporación.
CA3.4 Deseñáronse os períodos de adaptación segundo o posto e a función que se desenvolvan.
CA3.5 Identificáronse os métodos de formación.
CA3.6 Identificáronse as operacións e os procesos máis significativos que cada nova persoa empregada deba desenvolver.
CA3.7 Establecéronse os criterios de avaliación do desempeño profesional e os resultados perseguidos.
CA3.8 Identificáronse técnicas de motivación.
CA3.9 Caracterizáronse os elementos determinantes da motivación e da desmotivación do posto de traballo.
CA3.10 Aplicáronse técnicas para a comunicación entre grupos como medida de motivación: delegación de autoridade, iniciativa persoal, creatividade e responsabilidade.
CA3.11 Conceptualizáronse e caracterizáronse os sistemas de incentivos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Definición e obxectivos da organización dos recursos humanos.
0Carreira profesional nas empresas de aloxamento.
Motivación: concepto, principios e evolución.
Desmotivación: tedio, fatiga e absentismo.
Factores motivadores e desmotivadores.
Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.
Ferramentas da xestión de persoal.
Plan de acollemento: obxectivos.
Manuais de acollemento do persoal de nova incorporación por áreas ou departamentos.

**Contidos**

Deseño de programas de adaptación. Adecuación da persoa ao posto de traballo.

Programas de formación.

Deseño de programas de formación.

Formación no posto de traballo: rotación, aprendizaxe, etc.

Métodos de formación na empresa ou fóra dela.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	DIRECCIÓN E XESTIÓN DOS EQUIPOS HUMANOS	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Dirixe o persoal dependente, para o que recoñece e aplica técnicas de dirección de persoal.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse o papel dos recursos humanos como factor clave para o éxito da empresa.
CA4.2 Xustificouse a figura da persoa directiva e líder da organización.
CA4.3 Caracterizáronse as normas de dirección de equipos.
CA4.4 Explicouse a secuencia lóxica dos procesos de toma de decisións e as súas implicacións.
CA4.5 Describíronse as técnicas de dirección e de dinamización de equipos e de reunións de traballo aplicables ao departamento ou á área.
CA4.6 Definíronse os procesos de motivación do persoal dependente.
CA4.7 Identificáronse procesos e situacións habituais de negociación, no marco do departamento ou da área nos establecementos de aloxamento turístico.
CA4.8 Identificáronse os sistemas de incentivos.
CA4.9 Deseñáronse políticas de incentivos á produtividade.
CA4.10 Establecéronse métodos de medición do rendemento.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Identificación das técnicas de dirección.
Técnicas de comunicación.
Motivación. Deseño de políticas de incentivo á produción.
Motivación: concepto, principios e evolución.
Desmotivación: tedio, fatiga e absentismo.
Factores motivadores e desmotivadores.
Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.
Ferramentas da xestión de persoal.
Funcións máis representativas por departamentos.
Resolución de conflitos laborais de carácter circunstancial.

**Contidos**

Sistema retributivo: principios básicos; retribución fixa e variable.

Avaliación do rendemento: métodos obxectivos e subxectivos.

Produtividade e rendemento.

Definición e asignación entre o persoal dependente.

Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.

Planificación de calendarios de vacacións.

Figura directiva: funcións e responsabilidades.

Xestión de persoal: definición e funcións.

Técnicas de dirección e de dinamización de equipos.

Estilos de liderado.

Etapas na toma de decisións.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Superará o módulo aquela alumna ou alumno que acade os contidos mínimos expresados en cada unidade didáctica expresados no punto 4.c.

Para superar o módulo, establécense como mínimos esixibles os seguintes:

- CA1.1 - Relacionáronse as novas tendencias empresariais das empresas de aloxamento cos diferentes equipos humanos.
- CA1.2 - Caracterizáronse as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.
- CA1.3 - Establecéronse os sistemas de asignación de funcións e tarefas entre o persoal dependente.
- CA1.4 - Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
- CA1.5 - Deseñáronse os criterios de asignación de rangos para o persoal dependente.
- CA1.6 - Definíronse as quendas necesarias para o correcto funcionamento do establecemento.
- CA1.7 - Estableceuse o cuadrante de horarios do persoal dependente.
- CA1.8 - Planificouse o calendario de vacacións segundo os obxectivos, os criterios empresariais e as demandas do persoal.
- CA1.10 - Considerouse e valorouse a normativa laboral.
- CA2.1 - Identificáronse as etapas da planificación e previsión das necesidades de persoal.
- CA2.2 - Analizáronse os principais métodos para a definición de postos de traballo correspondentes a persoal con semicualificación e con cualificación.
- CA2.3 - Identificouse o proceso de selección de persoal e as súas fases.
- CA2.4 - Preparouse un plan secuenciado de selección de persoal.
- CA2.5 - Recoñecéronse as técnicas de selección de persoal.
- CA2.6 - Analizáronse os principais métodos para a selección de persoal con semicualificación e con cualificación.
- CA2.8 - Definíronse os límites de responsabilidade, as funcións e as tarefas de cada posto de traballo.
- CA2.9 - Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas.
- CA2.10 - Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco do departamento ou da área.
- CA3.1 - Xustificouse a finalidade da función de integración como complementaria da función de organización.
- CA3.2 - Recoñecéronse os conceptos incluídos nas ferramentas de xestión do persoal.
- CA3.3 - Elaboráronse manuais de acollemento do persoal de nova incorporación.
- CA3.5 - Identificáronse os métodos de formación.
- CA3.6 - Identificáronse as operacións e os procesos máis significativos que cada nova persoa empregada deba desenvolver.
- CA3.7 - Establecéronse os criterios de avaliación do desempeño profesional e os resultados perseguidos.
- CA3.8 - Identificáronse técnicas de motivación.
- CA3.9 - Caracterizáronse os elementos determinantes da motivación e da desmotivación do posto de traballo.
- CA3.11 - Conceptualizáronse e caracterizáronse os sistemas de incentivos.
- CA4.1 - Recoñeceuse o papel dos recursos humanos como factor clave para o éxito da empresa.
- CA4.2 - Xustificouse a figura da persoa directiva e líder da organización.
- CA4.5 - Describíronse as técnicas de dirección e de dinamización de equipos e de reunións de traballo aplicables ao departamento ou á área.
- CA4.6 - Definíronse os procesos de motivación do persoal dependente.
- CA4.7 - Identificáronse procesos e situacións habituais de negociación, no marco do departamento ou da área nos establecementos de aloxamento turístico.
- CA4.8 - Identificáronse os sistemas de incentivos.
- CA4.9 - Deseñáronse políticas de incentivos á produtividade.

CA4.10 - Establecéronse métodos de medición do rendemento.

Criterios de cualificación:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Con carácter xeral un alumno/a será quen de obter unha avaliación positiva na avaliación final do mes de xuño cando sexa capaz de realizar con autonomía e individualmente os criterios de avaliación antes expostos.

Nas avaliacións ordinarias, a cualificación comporase da seguinte maneira:

1. Probas escritas, tipo test que poidan incluír preguntas con resposta única, resposta múltiple, de verdadeiro ou falso, de enlazar, de localización, probas de preguntas de desenvolvemento, supostos teóricos- prácticos, (A cualificación total deste apartado resultará da realización da media ponderada entre as probas realizadas en cada trimestre): 60%
2. Traballos individuais ou en grupo, así como presentacións orais cando corresponda, simulacións tipo role playing, gravacións de voz ou vídeo, deseño ou manexo de materiais, novas tecnoloxías, materiais de apoio, documentación específico e aplicación das habilidades comunicativas ou destrezas narrativas, descritivas e de capacidades de síntese.: 40%

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno/a que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe; este seguimento farase de xeito individualizado valorando tamén as relacións interpersoais e o traballo en grupo, segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas.

No caso de ter varias probas será a media ponderada das notas obtidas a que nos dará a cualificación final. Se o alumno/a non acada o 5 terá que recuperar

Se algunha das avaliacións o profesor decide non incorporar algúns dos criterios de cualificación para obter a nota, a puntuación recaerá integramente nas probas realizadas.

O alumnado debe demostrar que supera o coñecemento dos CA mínimos para aprobar o módulo correspondente alcanzado para iso como mínimo a cualificación de 5. De non ter aprobadas todas as avaliacións os alumnos/as deberán recuperar aquelas que estean suspensas no periodo estipulado.

O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en periodo ordinario deben examinarse das partes non superadas, no seu caso nas probas extraordinarias ao efecto.

Para aqueles casos nos que non proceda a exclusión pero que si se observe un número elevado de faltas de asistencia, equivalente ao que deriva en situación de PD no alumnado de réxime presencial do centro, establecerase un sistema extraordinario de avaliación na programación de cada módulo, que permita avaliar a ese alumnado que polas faltas reiteradas non poidese ser avaliado cos criterios ordinarios establecidos para o sistema de avaliación continua. Se o alumnado que presenta elevada inasistencia se reincorpora, nun momento dado, con regularidade ás clases, poderá procederse, novamente, a súa avaliación polo sistema ordinario previsto para o resto do alumnado do grupo que non presenta inasistencia continuada, a criterio do docente de cada módulo.

Para o suposto do alumnado cun elevado número de faltas de asistencia, o sistema extraordinario de avaliación consistirá nunha Proba Escrita cos CA mínimos esixibles e que puntuará sobre o 100% da nota, e na cal deberá acadar un mínimo de 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para a recuperación das avaliacións non superadas durante o curso realizarase unha proba escrita . A proba terá preguntas a desenvolver e



exercicios prácticos. A estrutura do exame terá actividades e cuestións moi semellantes ás plantexadas nesta programación e realizadas durante o curso polos demais compañeiros, de tal maneira que o alumnado debe demostrar que supera os mínimos esixibles para aprobar o módulo correspondente. Realizaranse no calendario establecido pola xefatura de estudos.

De non superar a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, deberá examinarse das partes non superadas nas probas extraordinarias.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Para aqueles casos nos que non proceda a exclusión pero que sí se observe un número elevado de faltas de asistencia, equivalente ao que deriva en situación de PD no alumnado de réxime presencial do centro, establecerase un sistema extraordinario de avaliación na programación de cada módulo, que permita avaliar a ese alumnado que polas faltas reiteradas non poidese ser avaliado cos criterios ordinarios establecidos para o sistema de avaliación continua. Se o alumnado que presenta elevada inasistencia se reincorpora, nun momento dado, con regularidade ás clases, poderá procederse, novamente, a súa avaliación polo sistema ordinario previsto para o resto do alumnado do grupo que non presenta inasistencia continuada, a criterio do docente de cada módulo.

Para o suposto do alumnado cun elevado número de faltas de asistencia, o sistema extraordinario de avaliación consistirá nunha Proba Escrita cos CA mínimos esixibles e que puntuará sobre o 100% da nota, e na cal deberá acadar un mínimo de 5..

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O instrumento para o seguimento da programación será a propia plataforma de elaboración das programacións, onde serán recollidas as posibles desviacións que permitirán melloralas nos vindeiros cursos.

Para a avaliación da práctica docente, alén das preguntas que fai o departamento de calidade e das que xa facemos a diario ao alumnado sobre a comprensión do explicado en cada xornada, o alumnado disporá dun espazo na aula virtual no que poderá facer comentarios e suxestións por escrito, ademais de directamente na aula.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, o punto de partida co que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregárase un cuestionario de avaliación inicial no que aparezan relacionados os resultados de aprendizaxe vencellados cos criterios de avaliación previamente explicados nos primeiros días de clase.

Neste trimestre tamén se prestará especial atención tanto a nivel individual como nas reunións co equipo docente ás diferentes casuísticas que podan xurdir entre o alumnado e que requiran un tratamento e orientación por parte do departamento de Información e Orientación profesional, alén das actuacións que se decidan no equipo de profesorado.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Realización de esquemas, resumos, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información realizados de forma individualizada. De consideralo necesario trala pertinente reunión do equipo docente, consultarase co departamento de Información e Orientación profesional para contar coa súa axuda e decidir se procede realizar novos agrupamentos, repetir prácticas ou plantexar actividades diferenciadas que presenten

outra orde de dificultades, tentando adaptar os instrumentos de avaliación ou outros axustes metodolóxicos que se adapten ás necesidades detectadas tal e como establece a lei.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No proceso de ensinanza aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos así como o respecto aos compañeiros, profesorado, talleres e material de traballo, trabállanse a través de diferentes actividades ao longo de todo o curso.

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta a súa globalidade xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta materia destacan a educación cívica, para a saúde, a paz, como consumidores, igualdade de xénero e ambiental. Preténdese a interiorización da importancia de estar dunha determinada maneira no mundo, cunha conciencia de que como persoas individuais non so debemos desenvolver cualidades de tipo técnico e profesional, senón tamén en relación ao que nos rodea.

A metodoloxía para tratar estes temas desenvolverase arredor de:

-- Actividades de aula nos días mundiais máis destacados: 27 de setembro, día mundial do turismo; 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller; 12 de marzo, día mundial de consumo responsable; 30 de xaneiro, día escolar da non violencia e a paz; 7 de abril, día mundial da saúde; e 5 de xuño día mundial do medio ambiente.

Suliñar que ademais prestarase atención aos seguintes puntos:

- Cando se empreguen imaxes e vídeos en aula serán escollidos sen o habitual sesgo de xénero, ao mesmo tempo que na fala procurarei empregar palabras globalizadoras, tipo alumnado, profesorado, etc.

- Cando o alumnado deba entregar tarefas con imaxes, tamén eles deberán facer este esforzo, de tal maneira que comecen a decatarse da importancia da consideración e preocupación por empregar imaxes e palabras que non impliquen unha sumisión ou falta de respecto de cara ao ambiente ou a outras persoas de diferentes culturas.

Outros aspectos:

-Educación cívica:

